





RS/mv



En relación coa pregunta con resposta oral –a tramitar pola Comisión 4ª- nº **14104**, formulada polo Grupo do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Bieito Lobeira Domínguez e dona Ana Belén Pontón Mondelo, sobre “**a exclusión do galego nas comunicacións do Centro Coreográfico Galego e o uso de toponimia deturpada**”, (publicada no BOPG nº 129, do 3 de decembro de 2009), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Setembro-Decembro de 2009 (BOPG nº 152, do 15 de xaneiro de 2010), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura e Turismo**, que ten o seguinte contido:

“O pasado 20 de novembro do ano 2009, o persoal do Centro Coreográfico Galego preparou un texto redactado na lingua ordinaria de comunicación do Centro, o galego, polo que achegaba información relativa a unha das súas coproducións.

Por un mero erro humano, a versión dese texto redactada en castelán, que ía dirixida excepcional e exclusivamente a determinadas persoas de fóra de Galicia, foi remitida á listaxe completa de correos do Centro, que recibe ordinariamente todas as comunicacións en lingua galega.

A Consellería de Cultura e Turismo considera este erro como totalmente illado e puntual, polo que garante que o Centro Coreográfico Galego seguirá a utilizar o galego, como xa o ven facendo, en todas as súas comunicacións coa cidadanía.”



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
É XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias




XACOBEO 2010
Galicia

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia